

Sobre a luminosidade

Un estudo humanista e reflexivo

XOSÉ FEIXÓ

Xulio López Valcárcel, poeta e crítico literario, vén de publicar en Laiovento *Miguel González Garcés, mineiro de luz*, libro que, en esencia, é unha magnífica aproximación ao célebre, e ben celebrado, poeta coruñés (1918-1989).

Partimos de que López Valcárcel é un bo coñecedor da obra de González Garcés (a quen escolmou e sobre o que publicou diversos estudos), e de que como poeta que é, dálle ao seu traballo de investigación e crítica literaria unha dimensión máis cálida e acolledora do que podería ser o resultado dun labor puramente académico e formalista, sen que en absoluto se perda a perspectiva da obxectividade e o rigor na análise. Trátase, en definitiva, dun estudo humanista e reflexivo, exposto con sinxeleza e claridade, e cinxido ao rigor exixible nunha obra deste tipo, en todos e cada un dos capítulos.

Estes son tres fundamentalmente: O home, Miscelánea e Obra poética; e non faltan, como era de esperar, outros tres, sempre tan socorridos e de agradecer: a exhaustiva Bibliografía, de moita utilidade en case todos os casos, a Sinopse bibliográfica, que relaciona eventos persoais e históricos para favorecer a contextualización histórico-literaria, e o Índice onomástico, localizador básico no libro das persoas citadas.

Pois ben, no primeiro dos capítulos, subdividido por López Valcárcel nos once trazos fundamentais con que pensou que mellor se podía definir, imos desde o marco cronolóxico e histórico da Coruña de principios de século, ata finalizar pola influencia de González Garcés nas novas xeracións, pasando

polo retrato de neno, polo seu labor como bibliotecario, polas súas relacións e os seus amigos, o seu epistolario, etc.

No segundo dos capítulos expóñense nos, como o seu nome indica, nunha miscelánea, os aspectos máis importantes da súa conformación como persoa (a estética como ética, a súa concepción de Galicia, a súa

relación coa pintura...), e no terceiro

analízanse as circunstancias básicas ou fundamentais da súa obra poética (poeta en castelán, poeta bilingüe, poeta galego, a fantasía imaxinista (*Bailada dos anxos*), o soño e a memoria (*Nas faíscas do soño*), a madurez literaria (*Sede e luz*), o seu testamento poético (*Un home só na néboa*), a súa esencia e o seu legado.

Se ben ben os tres últimos capítulos son os esperados, por necesarios en toda obra deste tipo, e cumpren abondo co rigor exixible, e se ben os dous primeiros enmarcan perfectamente á persoa e ao personaxe, sendo rigorosos, amenos e interesantísimos, o terceiro é sen dúbida de ningún xénero o máis prezado. Nel incardínase o home e a obra con mestría, e chega o autor ao clímax do seu traballo, pois deixa aos lectores completamente dispostos, e nós animámoslos, para poder mergullarse con seguridade na poesía de González Garcés, que para Álvaro Cunqueiro era "Diáfana, e por iso luminosa, e por estar tan cargada de luz, ollada escrutadora das máis secretas intimidades".

VALCÁRCEL, Xulio L. *Miguel González Garcés, mineiro de luz*, Ed. Laiovento, Santiago, 2010, PVP.24 €

